

CIRCULAR POLA QUE SE REGULA O USO DAS RESIDENCIAS DE TEMPO LIBRE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE PARA A ADXUDICACIÓN DE ESTADÍAS FÓRA DO PROGRAMA ADICADO A FAMILIAS.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

O Real Decreto 4123/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tempo libre, dispón que terán dereito a ser persoas usuarias das residencias traspasadas todas as persoas traballadoras de nacionalidade española e os/as familiares destas, calquera que sexa o lugar do seu domicilio.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 2, define os servizos sociais como o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, competencias atribuídas neste sector á Consellería de Política Social e Igualdade a través do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A Consellería de Política Social e Igualdade dispón de dúas residencias situadas nas localidades de Panxón e do Carballiño. Ditas residencias veñen desenvolvendo unha importante función social ao ofertar estadías na tempada de verán a un prezo accesible con atención preferente ás familias de especial consideración, como é o caso de familias numerosas, monoparentais, acolledoras e vítimas de violencia de xénero.

Mediante a presente circular articúlase a utilización das residencias de tempo libre das que é titular a Consellería de Política Social e Igualdade por parte dos colectivos e establece a determinación das persoas destinatarias das estadías e servizos nas devanditas residencias, co fin de favorecer a comunicación e participación persoal e sociofamiliar, e cumprir unha importante función social.

Complexo Administrativo San Caetano S/N. Edificio 8B  
15781 Santiago de Compostela  
Tlfn. 981 544 655  
[dxfamilia.politicassocial@xunta.gal](mailto:dxfamilia.politicassocial@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



### 1) Tipos de servizos Ofertados

Os servizos que se prestan nestas residencias comprenderán o aloxamento e o mantemento en réxime de pensión completa durante a quenda adxudicada ás persoas beneficiarias residentes, como se indica:

- a) Servizo de aloxamento: inclúe a limpeza diaria.
- b) Servizo de comedor: en réxime de pensión completa que comprende o almuerzo, o xantar e a cea.

O servizo de comedor ofrece un menú único, sen prexuízo da atención de solicitudes de dietas individualizadas derivadas de prescrición médica.

En todo caso as estadías son por días completos, con independencia da hora de chegada.

A estadía mínima deberá ser de dúas noites.

### 2) Periodo de aplicación deste procedemento

Este procedemento será de aplicación durante todo o ano natural, agás nos períodos que se desenvolva o programa de estadías para familias e aqueles nos que a residencia permaneza pechada.

### 3) Entidades e grupos destinatarios

Poderán solicitar o uso das instalacións de referencia:

- a) As asociacións, federacións, confederacións e unións de asociacións, debidamente constituídas e legalizadas, segundo a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- b) Os consellos locais, municipais, corporacións locais no ámbito de dependencia, discapacidade igualdade, inclusión, familia, infancia e adolescencia e persoas maiores.



d) Entidades do Terceiro Sector de Acción Social aquelas organizacións de carácter privado, xurdidas da iniciativa cidadá ou social, baixo diferentes modalidades, que responden a criterios de solidariedade e de participación social, con fines de interese xeneral e ausencia de ánimo de lucro, que impulsan o recoñecemento e o exercicio dos dereitos civís, así como dos dereitos económicos, sociais ou culturais das persoas e grupos que sofren condicións de vulnerabilidade ou que se encontran en risco de exclusión social de acordo coa Lei 43/2015, do 9 de outubro, do Terceiro Sector de Acción Social.

e) Outras entidades públicas ou privadas que realicen actividades de carácter social, sen ánimo de lucro.

#### 4) Prezos e descontos

Os prezos para as estadías e servizos ofertadas na presente convocatoria serán os previstos no Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre, actualizados pola Orde do 4 de xuño de 2013 pola que se actualizan os prezos públicos determinados no Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre.

#### 5) Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes

As entidades e grupos solicitantes presentarán as súas solicitudes obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado PR004A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizara a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Na dita solicitude deben indicar as datas para as que solicitan as estadías, o número de persoas así como as actividades que van a desenvolver durante a súa estadía na residencia.



As ditas solicitudes deberán achegarse cunha antelación máxima de 4 meses á data de inicio da estadía na residencia.

#### 6) Criterios de adxudicación

A adxudicación das estadías e servizos efectuarase, previa solicitude por parte das entidades contempladas no apartado 4, tendo en conta o orde de entrada das mesmas na sede electrónica, conforme ao disposto no artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A adxudicación das estadías e servizos leva implícita a adxudicación das prazas nas residencias de tempo libre que en cada caso correspondan.

Por outra banda, dentro do previsto no epígrafe anterior, no caso de que a data de entrada das solicitudes sexa a mesma :

- a) As entidades que teñan como obxecto do seu traballo a familia, infancia ou a conciliación familiar.
- b) As que soliciten un maior número de prazas ata o tope máximo de cada residencia fixado no anexo I.
- c) As que soliciten un maior número de días ata o tope máximo de cada residencia fixado no anexo I.
- d) As que subvencionen o total ou parte da cota que teñen que pagar as persoas participantes.

#### 7) Instrución e resolución

O órgano instrutor do procedemento será Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A valoración das solicitudes presentadas corresponderalle a unha comisión de valoración constituída para o efecto, e que estará integrada por:

- a) A persoa titular da Dirección da Residencia de Tempo Libre de Panxón, para as que correspondan á Residencia de Tempo Libre de Panxon , e a persoa titular da Dirección da



Residencia de tempo libre de Carballiño no caso de que a solicitude corresponda á residencia de Carballiño.

b) A persoa titular da xefatura do servizo de Apoio á familia, á Infancia e á Adolescencia

A secretaría da comisión, con voz pero sen voto, corresponderalle a unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, nomeada pola persoa titular da citada dirección xeral. No caso de ausencia será substituída por outra persoa funcionaria da citada Dirección Xeral nomeada do mesmo xeito

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión de valoración, elevará a proposta de resolución ao órgano competente para resolver.

O órgano competente para resolver será a persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

#### 8) Reserva de prazas e primeiro pagamento

O pagamento da estadía realizarase por quenda completa, con independencia do número de días efectivos de estadía na residencia, como a seguir se indica:

a) As entidades ou grupos beneficiarios realizarán un depósito de 30 € por persoa en concepto de reserva, no prazo de cinco (5) días hábiles desde a recepción da confirmación da reserva por parte da residencia.

b) A cantidade restante depositarase quince (15) días hábiles antes do inicio da quenda adxudicada.

#### 9) Renuncia e devolución de pagamentos

Os beneficiarios que renuncien ao goce da estadía perderán a cantidade depositada en concepto de reserva, agás que medie unha causa de forza maior debidamente acreditada.

A renuncia efectuarase por calquera medio que deixe constancia da súa data de presentación e dirixirse á dirección xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.



As persoas que renuncien por causa de forza maior á estadía que lle fose adxudicada terán dereito á devolución das restantes cantidades depositadas, para o que terán que presentar unha solicitude de devolución de cantidade dirixida á residencia correspondente.

Unha vez instruído o procedemento, dítase resolución, e se procedese, efectuarase o reintegro de acordo coas porcentaxes que a seguir se relacionan:

- a) Presentación da solicitude de devolución ata 20 días antes da data do comezo do goce das estadias e servizos: 100 %.
- b) Presentación da solicitude de devolución entre 19 e 10 días antes da data do comezo do goce das estadias e servizos: 75 %.
- c) Presentación da solicitude de devolución entre 9 e 3 días antes da data do comezo do goce das estadias e servizos: 50 %.
- d) Presentación da solicitude de devolución con menos de 3 días ou unha vez comezado o goce das estadias e servizos: 25 %.

Para calcular a porcentaxe da devolución tomarase como data de referencia a de entrada da solicitude de devolución na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As entidades ou grupos beneficiarios que non realizasen o ingreso do importe da reserva de praza dentro do prazo concedido para o efecto perderán o dereito ás ditas prazas. As prazas que queden vacantes por este motivo adxudicaranse no xeito previsto no apartado seis desta circular.

#### 10) Vixencia

Esta circular entrará en vigor o 01/01/2025 e regulará todas as estadias posteriores a esta data.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

